



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO  
CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR DE INFESTA O DÍA**

**27 - DE SETEMBRO - DE 2013**

**ORDE DO DIA**

**1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS**

No Centro Social de Vilar de Infesta, sendo as vinteunha horas do día vinteseite de setembro de de dous mil trece, reúnese, en xuntanza extraordinaria, o Consello Parroquial de Vilar de Infesta, baixo a presidencia, por delegación da Alcaldía, de D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, e coa asistencia de:

**GRUPOS POLÍTICOS:**

- D. MARIO DOMÍNGUEZ ESTÉVEZ, en substitución de D. José Carlos García Taibo, en representación do PSdeG-PSOE.
- D<sup>a</sup>. MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ MONTEIRO, en representación do PP.
- D. XAVIER BALSAS BARBEIRO, en representación do B.N.G.
- D<sup>a</sup>. LUISA CAYETANO RODRÍGUEZ, en representación de A.E.R.

**ASOCIACIÓN DE VECIÑOS:**

D. EDUARDO RODRÍGUEZ LOUREIRO.  
D. MANUEL DAVILA GARCÍA.

**COMUNIDADE DE MONTES:**

**ASOCIACIÓN CULTURAI:**

D. FERNANDO GÓMEZ DAVILA  
D. JOSÉ FIGUEROA DOMÍNGUEZ

**COMISIÓN DE FESTAS:**

D. EDESIO CRESPO LOUREIRO

**COMISIÓN DO CEMITERIO:**

D. MANUEL CARBALLIDO CASTRO



CONCELLO DE REDONDELA

**ASOCIACIONES DEPORTIVAS:**

D. MARIO DOMÍNGUEZ ESTÉVEZ  
D. ANTONIO BALADO GARCÍA

**COMUNIDADE DE AUGAS:**

D. JOSÉ QUIJEIRO FIGUEROA

**ANPAS:**

Non asistiu a súa representante DONA. PURIFICACIÓN RODAL GONZÁLEZ.

Asistidos de mín, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, que actúa como Secretario.

Pola Presidencia dase por comenzado o acto, pasándose a tratar o único punto da Orde do Día, da presente xuntanza extraordinaria.-

**1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-**

Pola Presidencia ponse de manifesto ao Consello a finalidade dos presupostos participativos.

Previa deliberación, o Consello parroquial de Vilar de Infesta, acordou incluír as seguintes obras e servizos, nos orzamentos participativos para o ano 2013:

Puntos de luz: A instalar en:

Pica Morena, cruce con Porto Cabeiro.  
Chan das Pipas  
Camiño Xacobeo  
Total aproximado: 14 puntos

Parques:

Pereira: adecentamento e biosaludables.  
Parque infantil “As Canteiras”, adecentar e colocar un columpio máis.

Acordando así mesmo o Consello que sexa o Concello o que se encargue de solicitar os orzamentos, non sendo isto impedimento para que pola súa banda eles tamén poden presentar algúns na vindeiro reunión de este órgano participativo, e comparalos cos que presente o Concello.



CONCELLO DE REDONDELA

SEGUNDA OPCIÓN:

Seguridade vial na parroquia (espellos, sinais, ....etc.)

Polo Sr. Rodríguez Loureiro, maniféstase que deste tema xa faloron co concelleiro delegado de infraestruturas, urbanismo e interior, D. Arturo González, sobre a necesidade destas sinais e espellos en distintos puntos da parroquia, pero aínda non obtiveron resposta nin se colocaron.

O Sr. Vilaboa Figueroa respóstalle que o problema é a dotación orzamentaria para facer fronte a este gasto, indicando que si este ano non chegan os cartos dos orzamentos participativos para invertir neles, habería que contar de incluílos na partida do Orzamento Municipal do vindeiro ano.

Polo Sr. Davila García, maniféstase que habería que facer algo co tema dos enganches co alcantarillado do Centro cultural, campo de fútbol, ..., respostándolle o Sr. Vilaboa Figueroa, que estas taxas municipais por conexión á rede municipal de sumidoiro, están reguladas por unha ordenanza municipal aprobada, e é difícil eliminala. Agora ben se pode facer unha solicitude conxunta, e o Concello estudiará o tema xunto cos demais grupos políticos e os servicios económicos municipais, rematando que cree que sería máis viable concederlle unha subvención ás entidades para este fin. Remata sinalando que a solicitude conxunta pode facerse, e logo se lle buscaría unha solución.

Así mesmo o Consello parroquial, por unanimidade, acordou reunirse, previa convocatoria, coa maior urxencia posible, cando estean os presupostos en poder do Concello.

Por último a Presidencia pon de manifesto ao Consello que durante o inverno, ben o Consello ou ben as asociacións veciñais da parroquia, deberían poñer en coñecemento do Concello, unha listaxe de fincas abandonadas (cos nomes dos seus propietarios) e que teñan maleza, coa finalidade de que éste, instrúa o correspondente expediente administrativo, para que polos propietarios procedan a súa limpeza, e tratar de evitar, na maneira do posible, os lumes da época do verán, xa que as veces os veciños coñecen aos propietarios, e o Concello por medio da policía local ou do catastro, lle é máis difícil localizalos, que é un asunto ás veces difícil, identificar aos propietarios destas fincas.

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vintedúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, exténdese a presente acta, da que, como Secretario, DOU FE.-

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA

JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ